

BANDO

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

SOLICITUDE DE PRAZAS (QUENDA DE MAÑÁ)

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2020-2021

Poderán solicitar praza na Escola Infantil Municipal aqueles nenos e nenas con idade entre os 3 meses e os 3 anos; por conseguinte, os nados a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Por ser unha escola de integración, pódese solicitar praza para nenas e nenos con discapacidade física, psíquica e sensorial. Neste suposto, poderase, logo da valoración técnica, prorrogar a permanencia destas nenas/os un ano máis, fóra dos límites da idade.

Os impresos de solicitude estan a disposición na páxina web do Concello de Ponteareas <https://pontareas.gal>.

Deben ser entregados, xunto coa documentación requerida no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o **15 de febreiro ao 1 de marzo**, ambos os dous incluídos.

Deberanse cubrir preferiblemente por vía telemática.

Para calquer dúbida poden chamar ao teléfono 673794787/9 en horario de 9 a 14 horas.

No caso de falta de documentación, ou defecto na documentación achegada, requiriráselles ás persoas interesadas a súa emenda, mediante a presentación dos documentos pendentes, durante o prazo máximo de 10 días.

A Comisión de Baremación será a encargada de efectuar a selección e aplicará os baremos establecidos pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Ponteareas, 9 de febreiro 2021

A Alcaldesa en funcións
M.^ª Cristina Fernández Davila

